

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11134** *Real decreto lei 8/2018, do 3 de agosto, polo que se modifica o Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego.*

I

O Goberno e os interlocutores sociais asinaron o 15 de decembro de 2014 o «Acordo sobre o programa extraordinario de activación para o emprego» co obxectivo de mellorar a empregabilidade e dotar de novas oportunidades os traballadores desempregados con maior dificultade de inserción.

Como consecuencia do citado acordo, aprobouse o Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego. Este programa, extraordinario e específico, dirixese aos traballadores desempregados de longa duración con cargas familiares que se encontran nunha situación de especial necesidade e que realizan unha busca activa de emprego. O programa foi prorrogado en dúas ocasións polo Real decreto lei 1/2016, do 15 de abril, e polo Real decreto lei 7/2017, do 28 de abril. Este último permitiu que as persoas destinatarias puidesen presentar a súa solicitude de incorporación ao programa ata o día 30 de abril de 2018.

Ao non se producir a prórroga do programa, concluíu a posibilidade de admitir novas incorporacións a este, ben que continuará vixente mentres as persoas admitidas ata aquela data realicen as correspondentes accións de activación para o emprego e perciban a axuda económica de acompañamento recoñecida ata o transcurso da súa duración máxima de seis meses.

Un efecto indesexado da finalización do prazo de admisión no Programa de activación para o emprego, producida o día 30 de abril de 2018, foi a imposibilidade de reincorporarse ao programa, unha vez cumprida a dita data, daquelas persoas que causasen baixa temporal nel por algún dos motivos recollidos no artigo 5.2 da norma citada (colocación por conta allea ou propia, ou perda do requisito de rendas ou responsabilidades familiares, durante os períodos de tempo determinados no dito artigo), posto que, de acordo co texto do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, a reincorporación está vinculada ao prazo de solicitude de admisión, polo que debería ter lugar necesariamente antes do 30 de abril.

Ademais, esas persoas tampouco se poden beneficiar do subsidio extraordinario de desemprego regulado na nova disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, incorporada a ela polo número cinco da disposición derradeira cuadraxésima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que substituíu, temporalmente, os programas de activación para o emprego e de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, posto que o número 3 da disposición lles impide expresamente o acceso ao subsidio extraordinario «a aquelas persoas ás cales se lles recoñecese previamente a axuda económica de acompañamento establecida no Programa de activación para o emprego».

A dita situación deixa desprotexidas aquelas persoas participantes no programa que máis demostraron a súa implicación nel de cara á súa inserción e atenta contra a finalidade do Programa de activación para o emprego recollida no artigo 1.2 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro: «incrementar as oportunidades de retorno ao mercado de traballo», ao desincentivar as posibles colocacións temporais durante o desenvolvemento del, dado que a aceptación dun traballo de breve duración implicaría a saída do programa sen posibilidade de se volver incorporar.

Para evitar esa situación desfavorable modifícase o Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, permitindo que, nos supostos de baixa temporal establecidos na norma, se poida producir a reincorporación ata que conclúa o desenvolvemento do programa.

II

O real decreto lei consta dun artigo único e dúas disposicións derradeiras.

O artigo único modifica o artigo 5.3 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego, ampliando o prazo de reincorporación das persoas que causasen baixa temporal nel.

A disposición derradeira primeira refírese ao título competencial que ampara a aprobación desta norma.

A disposición derradeira segunda prevé a entrada en vigor deste real decreto lei.

III

En canto á extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei, concorre este requisito na medida en que se pretende adoptar coa presente norma.

A modificación permite a reincorporación ao Programa de activación para o emprego das persoas que causasen baixa temporal e é evidente que, ao estar restrinxida a dita posibilidade ao limitado período que resta ata que finalice o desenvolvemento do programa por non se producir a prórroga, a dita medida se deberá aplicar con urxencia, posto que, no caso contrario, quedarían definitivamente desprotexidas esas situacións, dado que a execución do programa concluirá nos próximos meses unha vez que finalice a participación das persoas admitidas antes do 30 de abril de 2018.

Cabe engadir que a medida afecta un colectivo extremadamente necesitado de protección xa que se trata de persoas que esgotaron todo tipo de axudas e, ademais, acreditan a existencia de responsabilidades familiares ao seu cargo, polo que a urxencia queda acreditada tamén para evitar que as persoas citadas queden definitivamente desprotexidas ao se ver truncada a súa reincorporación ao programa e non poder recibir as axudas económicas e accións de mellora da empregabilidade cuxo dereito se lles recoñeceu inicialmente.

Finalmente, a reincorporación supón evitar unha situación de desigualdade entre aqueles que non causaron baixa temporal e os que si, dado que os dereitos os teñen recoñecidos por igual.

Este real decreto lei adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, responde, como xa se dixo, á urxente necesidade a reincorporación ao Programa de activación para o emprego das persoas que causasen baixa temporal para evitar que queden desprotexidas ao se ver truncada a súa reincorporación ao programa e non poderen recibir as axudas económicas e accións de mellora da empregabilidade cuxo dereito se lles recoñeceu inicialmente.

No que concirne aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, a modificación límitase estritamente a abordar de forma puntual, precisa e clara este aspecto mediante a mellor alternativa posible, a aprobación dun real decreto lei, dado o seu rango e a urxente necesidade. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, este real decreto lei non impón cargas administrativas.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego.*

O artigo 5.3 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego, queda modificado como segue:

«3. Producida a baixa temporal no programa e na axuda polas causas previstas no número anterior, poderase recoñecer o dereito á reincorporación a este sempre que se solicite mentres se mantéña a vixencia do programa e se acredite cumprir os requisitos establecidos nas letras d) e f) do artigo 2, así como, se é o caso, ter cesado no traballo por conta allea acreditando situación legal de desemprego. A reincorporación exixirá a inscrición previa como demandante de emprego e a reactivación do compromiso de actividade.

O período de tempo durante o cal o traballador se encuentre en situación de baixa temporal no programa sen percibir a axuda económica, de acordo co previsto no número 2 deste artigo, non se computará para os efectos do período de duración da axuda.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a e 13.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 3 de agosto de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN